



Como xa sabedes, o noso centro participa no programa Erasmus+. Participamos na modalidade KA1: *Mobilidade educativa das persoas*.

Os obxectivos deste programa son: “*Promocionar a **mobilidade educativa** das persoas e os colectivos, tanto do alumnado como do persoal, así como a **cooperación**, a calidade, a inclusión e a equidade, a excelencia, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións e as políticas a través da aprendizaxe permanente, o desenvolvemento educativo, profesional e persoal das persoas nos ámbitos da educación e a formación, a xuventude e o deporte, dentro de Europa e fóra do seu territorio, contribuíndo así ao crecemento sostible, ao emprego de calidade e á cohesión social, ademais de a impulsar a innovación e fortalecer a identidade europea, a cidadanía activa e a participación na vida democrática.*”

Tal e como se recolle no noso proxecto, unha vez analizadas as necesidades máis importantes no noso centro para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e polo tanto poder introducir cambios para beneficiar a aprendizaxe do noso alumnado, o programa Erasmus+ permitiunos realizar mobilidades a 5 mestras do colexio.



A mobilidade da que vamos falar a continuación é a que realizamos Raquel Martínez Salgado e Manuela Becerra Castro do 25 ao 30 de abril de 2022 en Venecia para asistir á seguinte formación:

“ENSEIGNER ET APPRENDRE À TRAVÈS L’ART”
“ENSEÑAR E APRENDER A TRAVÉS DA ARTE”

Esta formación foi levada a cabo pola institución: European Cultural Academy



A decisión de optar por esta formación baseouse na necesidade de aprender a realizar proxectos e actividades artísticas que resulten motivadoras para todo o alumnado do centro e tamén para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, fomentando o seu interese por participar nos intercambios comunicativos e favorecer a inclusión.

Como xa sabedes, o noso centro forma parte dos centro plurilingües e nel impártese a área de educación artística en inglés, polo que ademais de formarnos en metodoloxía CLIL, tamén é fundamental e moi necesario que tamén nos formemos en aprender a desenvolver proxectos centrados nunha temática vinculada ao mundo da arte, á creatividade e ao coñecemento do patrimonio, no que se poidan ir adquirindo os contidos da área de educación artística do currículo de educación primaria. Ademais, do exposto anteriormente, esta formación permitiunos adquirir material bibliográfico, recursos materiais interesantes, aprender a planificar as sesións, saber programar os contidos a traballar e as rutinas a implantar, coñecer novas estratexias para promover o desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe e métodos de organización de actividades segundo os obxectivos programados (parellas, grupos, gran grupo,..). para unha mellor posta en marcha destes proxectos e metodoloxía.

A profesora encargada da nosa formación foi Micol Grazoli. Micol que ademais de formadora é unha artista italiana e que tamén leva a cabo proxectos educativos a través da arte con alumnado e diversos centros.

Ao longo desta semana formación, puidemos coñecer estes diferentes proxectos que desenvolveu con alumnado moi diverso.





Compartimos esta experiencia con outros 22 mestras e mestres franceses. Esta situación foi moi enriquecedora porque tamén nos permitiu coñecer e comparar os nosos diferentes sistemas educativos (a nivel institucional pero tamén os diferentes enfoques, organización, ...), ademais de poder intercambiar experiencias educativas reais, que cada participante levou a cabo no seu centro de orixe, sobre a educación artística o que nos permitirá a posterior posta en práctica de varias delas no noso centro.




A continuación detallámosvos os contidos recibidos e traballados ao longo da semana:

- Que é a Educación a través da arte.
- Que é a arte? Teorías e reflexión sobre a educación e o ensino-aprendizaxe a través da arte.




- Fundamentos para aprender a elaborar un proxecto de ensino-aprendizaxe a través da arte.
- Coñecer o proceso creativo dun artista. Encontro coa artista Sophie Franza.



- Compartir proxectos levados a cabo polos distintos mestres nos seus centros.
- Elaboración dun proxecto para ensinar e aprender a través da arte para levar a cabo no noso cento.



- Presentación do proxecto elaborado. Achegas e recomendacións dos demais participantes.



- Participación en actividades de creación conxunta: cartografía creativa, creación dunha obra cooperativa.



- Actividade creativa: realización dun “collage” individual para expresar as nosas experiencias e vivencias neste curso.



Ao finalizar as nosas creación cada membro do grupo explicou o significado e composición do seu “collage”.



Ademais destas actividades, paralelamente tivemos a gran sorte de realizar visitas guiadas á: Giardini della Biennale, L´Arsenal e á Gallerie dell´Academia; onde puidemos aprender máis sobre obras de diferentes etapas da historia (arte medieval, idade moderna e contemporáneo) e o proceso creativo que as rodean. Nesta formación é necesario ter contacto directo coa arte para posteriormente ensinar ao noso alumnado a interpretación e a análise crítica e ser consciente que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que as crea, ademais de ser o reflexo da realidade ou interpretación da realidade do momento onde se creou e así achegarse á mirada de diferentes persoas e á diversidade de experimentar o mundo.

A continuación deixámosvos cunha selección de obras que tivemos a sorte de ver:







Queremos ademais compartir con vós unha parte do proxecto (o desenvolvemento específica para cada etapa educativa non aparece neste documento) que elaboramos en Venecia e que imos desenvolver no centro neste terceiro trimestre.

PROXECTO INTERDISCIPLINAR A TRAVÉS DA ARTE:

QUE SENTES?

Este proxecto “QUE SENTES?” pretende desenvolver a empatía e o respecto, o coñecemento de se mesmo, das emocións propias e as dos demais a través da arte; ademais de potenciar a creatividade e o coñecemento do patrimonio cultural favorecendo unha maior motivación do alumnado e contribuíndo ao desenvolvemento da competencia cultural e artística. É un proxecto interdisciplinario, xa que a área de educación artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade que contribúe á conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando na comprensión da realidade e achegando á mirada das demais persoas e á diversidade de experimentar o mundo.

Está pensada para levar a cabo en todos os cursos de educación infantil e educación primaria do centro escolar. Os grupos de alumnos e alumnas son grupos heteroxéneos en capacidades, con diferentes niveis de maduración e de aprendizaxe.

No caso de educación primaria tamén se levará a cabo dende o enfoque da metodoloxía CLIL para aumentar a motivación do alumnado ante a aprendizaxe dunha lingua estranxeira utilizándoa como instrumento de comunicación nun contexto máis real no que se posibilite a interacción co entorno e así potenciar as intervencións orais na lingua inglesa na aula por iniciativa propia do alumnado incentivando una maior fluidez nos intercambios comunicativos entre iguais na lingua estranxeira.

Cando se leva a cabo unha experiencia de aprendizaxe a través da arte pódese desenvolver un ou varios aspectos relacionados cos coñecementos, competencias e/ou actitudes. No proxecto que desenvolvemos, grazas a formación recibida, preténdese desenvolver obxectivos en cada un destes items. Os obxectivos que pretende desenvolver o noso proxecto son os seguintes:

OBXECTIVOS CCA (Coñecementos-Competencias-Actitudes) do curso

COÑECEMENTOS (saber)	COMPETENCIAS (saber facer)	ACTITUDES (saber ser)
Coñecemento de si-mesmo.	Ser capaz de expresar a súas emocións.	Comprender que todo o mundo as mesmas emocións.
Coñecementos: - Vocabulario das emocións. - Cores - Linguaxe oral. - Linguaxe escrito.	Estar a escoita das emocións dos outros.	Empatía e respecto.

En definitiva, encantounos todo o que vimos e vivimos, e estamos desexando poder poñer en práctica no noso colexio con todos vós todo o que aprendemos. Aproveitamos tamén para agradecer infinitamente aos nosos compañeiros e compañeiras do centro que nos substituíron durante estes días. Sen eles non sería posible ter levado a cabo esta formación.